3.7.- As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente polo concello trala proposta do Servizo Municipal de Deportes, en calquera momento, por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas posteriormente, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o seu uso xeral.

3.8.- O Servizo Municipal de Deportes resérvase as prerrogativas de inspección e vixilancia dos termos da autorización, ostentando a capacidade para requirir calquera medida correctora que se considere necesaria.

#### Artigo 4º.- Obrigados ó pagamento

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza:

As persoas físicas e xurídicas que soliciten a colocación de soportes publicitarios en espazos de dominio público nas instalacións deportivas dependentes do Servizo Municipal de Deportes de Ribadavia.

#### Artigo 5º. Contía

O importe que se debe pagar ó concello pola colocación dos soportes publicitarios será o seguinte:

Anual Polideportivo Municipal "O Consello" e Pavillón "Maquiáns": 40 € /soporte.

Anual campo de fútbol de herba sintética "O Xestal": 50 € /soporte.

O pagamento destas cantidades realizarase unha vez formalizado o contrato. A instalación da devandita publicidade non se poderá levar a cabo sen aboa-lo seu correspondente prezo público.

#### Artigo 6º.- Normas de xestión

1.- Procedemento de adxudicación. O procedemento de adxudicación dos espazos publicitarios levarase a cabo en dous prazos diferenciados. Un primeiro prazo dun mes, no que se fará un reparto equitativo dos espazos publicitarios entre os clubs deportivos, garantindo así a igualdade de oportunidades para o acceso a estes espazos publicitarios.

Unha vez transcorrido este primeiro prazo, e no caso de que queden espazos publicitarios por cubrir, habilitarase un segundo prazo no que a adxudicación dos devanditos espazos publicitarios se levará a cabo por rigorosa orde de solicitude.

2.-Formalización contrato: despois do informe do SMD de Ribadavia no que xustifique que cumpre tódolos requisitos desta ordenanza, elevarase á XGL para a focalización do dito documento.

#### Artigo 7º. Infraccións

Os actos e omisións que vulneren o preceptuado nesta ordenanza quedarán sometidos ás disposicións xerais e ás específicas desta ordenanza.

Serán responsables da infracción, con carácter principal, as empresas publicitarias ou a persoa física ou xurídica que executaron o acto de instalación ou montaxe dos soportes necesarios para o acto publicitario.

Para os efectos de graduar-la responsabilidade polas infraccións, estas clasificaranse en leves e graves.

Considéranse leves, aqueles feitos nos que se demostre a escasa entidade do dano producido ós intereses xerais ou do



risco creado en relacións co eles. En particular, considerárase falta leve o estado de sucidade ou deterioración dos carteis, carteleiras ou os seus elementos de sustentación.

Considéranse graves as accións ou omisións que afecten de forma importante ós bens e intereses que trata de protexer esta normativa. En particular, considéranse as seguintes:

a) A instalación de carteleiras sen autorización ou sen axustarse ás condicións fixadas.

b) O incumprimento das ordes municipais sobre corrección de deficiencias advertidas.

c) Manter en estado de sucidade ou deterioración, durante máis dun mes seguido, os carteis, carteleiras ou os seus elementos de sustentación.

d) A reincidencia en faltas leves nun período de tres meses consecutivos.

A contía das multas serán as seguintes:

Infraccións leves: multa ata 200 euros.

a) Infraccións graves: multa de 200 euros a 3.000 euros.

Á parte da sanción que en cada caso corresponda, o concello poderá dispoñer-la desmontaxe ou retirada dos carteis con reposición das cousas ó estado anterior da comisión da infracción.

As ordes de retirada e desmontaxe deberán cumprilas no prazo de máximo de oito días.

Disposición derradeira

Esta ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión realizada o día 28 de xuño de 2012. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir do 1 de setembro de 2012, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

#### Anexo 1

Polideportivo Municipal O Consello

Características dos elementos publicitarios.- Os elementos publicitarios serán de lona ou materiais similares, en ningún caso poderán ser metálicos.

Situación.- Poderá utilizarse a parede situada fronte ás bandadas, adecuándose os soportes habilitados para tales efectos; así mesmo, poderá utilizarse a parede sur situada detrás da portería, situándose a partir dos dous metros medidos dende a pista polideportiva.

Dimensións dos soportes.- Cada soporte publicitario debera axustarse ás seguintes dimensións: 200 x 70 cm.

Pavillón Municipal Maquiáns

Características dos elementos publicitarios.- Os elementos publicitarios serán de lona ou materiais similares, en ningún caso poderán ser metálicos.

Situación.- Poderán utilizarse calquera das paredes paralelas ás bandas do terreo de xogo (40 m), respectando a funcionalidade dos elementos fixos ancorados nelas (espaldeiras, canastas, etc.). Debendo situarse a partir de 2,00 metros dende a pista polideportiva.

Dimensións dos soportes.- Cada soporte publicitario debera axustarse ás seguintes dimensións: 200 x 70 cm.

Campo de fútbol de herba sintética. Complexo "O Xestal"

Características dos elementos publicitarios.- Os elementos publicitarios serán de aluminio ou materiais similares, en ningún caso poderán utilizarse materiais que poidan degradarse producindo óxido.

Situación.- Poderá utilizarse o valado perimetral que bordea o terreo de xogo, debendo axustarse cada soporte ó espazo delimitado entre os postes verticais que sustenta o valado.

Dimensións dos soportes.- Cada soporte publicitario deberá ter 90 cm de alto; en canto ó longo, debera axustarse ó espa-

zo delimitado entre tres postes verticais, sempre deixando libre os dous postes dos extremos permitindo a suxeición do seguinte soporte publicitario.

#### Anexo II

Modelo de solicitude

Don/dona: ...

DNI: ...

TLF.: ...

En representación da entidade: ...

CIF da entidade: ...

Coñecedor da ordenanza que regula a ocupación con soportes publicitarios nas instalacións deportivas dependentes do Servizo Municipal de Deportes, con base no que solicita:

Instalación; N.º de soportes:

Polideportivo Municipal O Consello; ...

Pavillón Municipal Maquiáns; ...

Campo de fútbol de herba sintética "O Xestal"; ...

Ribadavia, ... de ... de 2012

Asdo.: ...

Don/Dona...

Att. alcalde do Ilmo. Concello de Ribadavia.

Regulamento de honras e distincións do Concello de Ribadavia

Exposición de motivos

O Concello de Ribadavia estima necesario dispoñer da regulación oportuna que permita recoñecer e premiar servizos extraordinarios para a localidade realizados por persoas físicas ou xurídicas, de modo que se recoñezan os devanditos méritos de xeito público, destacando aquelas condutas que sexan merecedoras do devandito recoñecemento público, sobre todo valores como a tolerancia, a liberdade e o amor á terra.

Os títulos e distincións que concede o concello son soamente honoríficos e, polo tanto, non teñen unha compensación económica ou de calquera outro medio.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Fundamento legal e natureza

A aprobación deste regulamento fundaméntase nos artigos 4 e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, e os artigos 50.24 e 189 a 191 do Real decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que establecen que as corporacións locais poderán acorda-la creación de medallas, emblemas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos, co fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios, tralos trámites necesarios que se establecen neste regulamento especial.

Artigo 2. Obxecto

A concesión de títulos, honras e condecoracións que poden ser outorgados polo concello, co fin de premiar ou recoñecerlas actuacións que poidan ser merecedoras destas, serán as seguintes:

- Título de Fillo Predilecto.
- Título de Fillo Adoptivo.
- A Medalla de Ouro da Vila.
- A Medalla de Prata da Vila.
- Chave de Ouro da Vila.
- Nomeamento de Alcalde Honorífico.
- Medalla ó Valor.
- Medalla ó Mérito Turístico.

Artigo 3. Os nomeamentos

Os nomeamentos, que poderán recaer en persoas tanto nacionais como estranxeiras, terán un carácter honorífico e non se outorgarán en ningún caso potestades para intervenir na vida

administrativa nin no goberno do municipio, pero habilitarán o desempeño de funcións representativas cando estas se exerzan fóra da demarcación territorial respectiva previa designación especial da Alcaldía.

A concesión de distincións e honras, en todo caso, faraa de forma discrecional o concello.

Para concede-las honras e distincións a persoas estranxeiras, terase en conta o sinalado no artigo 190 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Capítulo II. Dos títulos de Fillo Predilecto e de Fillo Adoptivo

Artigo 4. Título de fillo predilecto

O título de Fillo Predilecto outorgarase a aquela persoa física que, nacendo no municipio, demostrara calidades, méritos persoais, ou servizos prestados en beneficio ou honra de Ribadavia e que alcancen consideración indiscutible no concepto público.

Artigo 5. Título de Fillo Adoptivo

O nomeamento de Fillo Adoptivo, que recaerá en persoa física, terá a mesma consideración e xerarquía que o título de Fillo Predilecto, coa única diferenza de que se conferirá a persoas que non naceran no municipio tanto estranxeiras como españolas, pero que, non obstante, teñan un vínculo moi especial con este e reúnan as condicións sinaladas no artigo anterior.

Artigo 6. Concesión a título póstumo

Os títulos anteriores poderán concederse a título póstumo, nos supostos en que na persoa falecida concorresen os requisitos anteriormente enumerados.

Artigo 7. Duración dos títulos

Os títulos de Fillo Adoptivo e de Fillo Predilecto terán carácter vitalicio, outorgándose o número de títulos que a Corporación estime conveniente segundo a importancia e relevancia que teña a persoa ou institución para o municipio.

Artigo 8. Revogación dos títulos

Aquela persoa que posúa a distinción de Fillo Predilecto ou Adoptivo, só poderá ser privada desta e, en consecuencia, revogado o nomeamento, cando concorran causas excepcionais motivadas por comportamentos indignos que deberán quedar acreditados en expediente instruído para o efecto.

O acordo que desposúa dos títulos mencionados deberán ser adoptados seguindo o mesmo procedemento e coa mesma maioría que para o seu outorgamento.

Artigo 9. Entrega de títulos

Unha vez que estea acordada a concesión dos títulos anteriores, sinalarase a data de entrega destes por medio da entrega dos diplomas e insignias que corresponden a cada un dos títulos.

O diploma de Fillo Predilecto ou Adoptivo conterá as distincións que en atención ás circunstancias persoais e relevancia acorden a xunta de voceiros da Corporación municipal de Ribadavia.

A insignia conterá as distincións que en atención ás circunstancias persoais e relevancia acorden a xunta de voceiros da Corporación municipal de Ribadavia.

Capítulo III. Das medallas do municipio

Artigo 10. Descrición das medallas

A Medalla de Ouro outorgaráselles ás persoas físicas ou xurídicas, privadas ou públicas, nacionais ou estranxeiras, como unha recompensa municipal creada para premiar méritos extraordinarios por accións, servizos ou difusión da localidade.

Artigo 11. Número de medallas

A Corporación municipal outorgará o número de medallas de Ouro e de Prata que estime conveniente segundo a importancia e relevancia que teña a persoa ou institución para o municipio.

Artigo 12. Características das medallas

A medalla conterá as distincións que en atención ás circunstancias persoais e relevancia acorden a xunta de voceiros da Corporación municipal de Ribadavia.

Capítulo IV. A Chave de Ouro da Vila

Artigo 13. Entrega da Chave de Ouro da Vila

Concédesse a Chave de Ouro a xefes de estado estranxeiros e personalidades que visiten oficialmente o Concello de Ribadavia, por resolución da Alcaldía, dando conta diso ó Pleno do concello.

Capítulo V. Procedemento para o outorgamento de honras e distincións

Artigo 14. Iniciación

Iniciarase o procedemento a instancia do alcalde, mediante resolución. Nesta proporase á persoa á que se desexa distinguir, así como a distinción para outorgar. Nesta nomearase ó instructor do procedemento, que poderá ser tanto empregado público da Corporación como membro electo desta.

Artigo 15. Instrución

O instructor realizará tódalas actuacións que sexan precisas para acredita-los méritos que concorran nos propostos. Para iso poderá solicita-los informes e testemuños que sexan necesarios para confirmar este merecemento e que quedarán incorporados ó expediente.

Unha vez concluído o trámite anterior remitirá informe razoado, que poderá ser favorable ou desfavorable, e proposta de resolución á Alcaldía que procederá a valorala. Esta poderá optar entre solicitar máis dilixencias ou remitir a proposta ó Pleno do concello para a adopción de acordo correspondente, logo de ditame de Comisión Informativa de Cultura.

Artigo 16. Resolución do expediente

O Pleno do concello, con carácter discrecional e de conformidade co artigo 50.24 do Regulamento de organización e funcionamento, resolverá se procede ou non á concesión dos títulos e honras descritas anteriormente, atendendo ós méritos, calidades e circunstancias singulares dos galardoados, por maioría de 2/3 dos membros presentes.

Artigo 17. Entrega do título

A entrega ó galardoado da distinción levarase a cabo en acto público solemne e nos termos en que se sinalen no acordo, procurándose outorgar suficiente publicidade.

Artigo 18. Lugar de honra

Os que ostenten unha distinción das sinaladas neste regulamento gozarán dun lugar de honra nos actos públicos ós que sexan invitados.

Capítulo V. Libro de rexistro

Artigo 19. Libro de rexistro de distincións

Os títulos outorgados inscribíranse no libro de rexistro de distincións, inscribíndose por orde cronolóxica de outorgamento o nome do galardoado e o título concedido.

Disposición final única

Este Regulamento entrará en vigor, unha vez aprobado definitivamente e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e de conformidade, non obstante, co sinalado no artigo 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

Regulamento sobre uso de instalacións deportivas municipais.

- Disposición preliminar
- Capítulo I.- Normas xerais
- Capítulo II.- Dos usuarios
- Capítulo III.- Utilización e acceso ás instalacións deportivas
- Capítulo V.- Normas de solicitude, concesión e uso
- Capítulo IV.- Réxime disciplinario



#### Disposición preliminar

Artigo 1.- Este regulamento regulará o uso das instalacións deportivas municipais, xestionadas a través do Servizo Municipal de Deportes, no sucesivo SMD, así como os espazos na vía pública e de recintos especiais dedicados á práctica de actividades físico-deportivas e recreativas.

Artigo 2.- O SMD velará polo mantemento e conservacións axeitada do conxunto de bens de diferentes tipos, con tal de prestalo servizo público ó que están destinados durante a vida útil do edificio ou instalación.

#### Capítulo I.- Normas xerais

Artigo 3.- Son instalacións deportivas municipais tódolos edificios, campos, recintos e dependencias do municipio destinadas ó desenvolvemento e práctica de calquera actividade físico-deportiva. Tamén terán a dita consideración os bens de carácter inmovible destinados ó propio obxecto e adscritos de xeito permanente a algunha das instalacións expresadas no parágrafo anterior.

Artigo 4.- En cada instalación deportiva municipal, só poderán practicarse aqueles deportes para os que estea especificamente destinada. Non obstante, poderán levarse a cabo diversas prácticas físico-deportivas, sempre que tecnicamente sexa posible e trala autorización do SMD, que se outorgará discrecionalmente. En xeral, en todas elas autorízase a práctica de actividades físico-deportivas.

Artigo 5.- Tódalas instalacións deportivas municipais son de libre concorrencia, e non poderá existir ningún tipo de discriminación por razón de raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O acceso ás instalacións deportivas municipais supón a aceptación das normas contidas neste regulamento.

Artigo 6.- Poñerase a disposición dos usuarios autorizados, o material dispoñible en cada instalación, sendo responsabilidade destes o traslado e a retirada ó correspondente almacén. O persoal da instalación colaborará nestas tarefas se fose necesario.

Os adestradores/delegados, responsables de grupos/clubs, terán que leva-lo control do material utilizado para a realización das actividades. Tamén se responsabilizarán de que unha vez finalizada a actividade, a instalación e os espazos deportivos utilizados queden en condicións de volverse a utilizar.

O material propiedade de clubs/grupos, autorizado a deixalo nas distintas instalacións, deberá estar recollido en cestas, redes ou bolsas propiedade da entidade, e non se fará responsable o SMD do devandito material.

Artigo 7.- Para as entidades autorizadas sen tutela do persoal do SMD deberán quedar recollido no convenio da entidade usuaria as condicións de uso e a responsabilidade da persoa/as á/ás que se lles entrega as chaves. O Concello de Ribadavia poderá esixir fianza pola entrega destas.

Artigo 8.- Os horarios de apertura ó público das instalacións deportivas municipais serán fixados por resolución da Alcaldía segundo a proposta do director do SMD.

Artigo 9.- O Concello de Ribadavia, en caso de interese público, resérvase a facultade de interferir, anular ou alterar calquera programación deportiva, comunicando ós usuarios coa máxima antelación posible, sen que por isto os afectados poidan demandar algún tipo de indemnización.

Artigo 10.- O Concello de Ribadavia poderá concertar, tanto para o uso continuado das instalacións deportivas municipais como para o desenvolvemento de programas de carácter físico-deportivo, convenios con clubs, asociacións, federacións, entidades deportivas e organismos que teñan por obxecto a promo-

ción do deporte, para os efectos de que poidan beneficiarse dunha maior operatividade no seu funcionamento.

#### Capítulo II. Dos usuarios

##### Dereitos

Tanto os usuarios practicantes como usuarios públicos, en canto ó uso e goce das instalacións deportivas municipais, gozarán dos seguintes dereitos:

Artigo 11.- As instalacións deportivas municipais estarán abertas ó público, e poderán acceder a elas e utilizalas calquera cidadán mediante o aboamento do correspondente prezo público que reflicte a Ordenanza (n.º 24) reguladora de prezos públicos por uso de instalacións deportivas.

Artigo 12.- Os usuarios e usuarias dos servizos e instalacións poderán elixir-los tipos de cotas que figuren na Ordenanza reguladora de prezos públicos, segundo as condicións de uso establecidas. Calquera usuario ou usuaria que teña aboada a cota correspondente ten dereito a utiliza-lo servizo ou instalación nas condicións fixadas na vixente normativa.

Artigo 13.- Terán dereito a recibir información sobre tódalas instalacións deportivas municipais, servizos que se presten, horarios prezos públicos e formas de acceso, dirixíndose ás oficinas do SMD.

Artigo 14.- Terán dereito a atención e trato correcto por parte do persoal do SMD.

Artigo 15.- A utiliza-las instalacións en bo grado de hixiene, limpeza e seguridade, que asegure o correcto desenvolvemento da actividade deportiva reservada.

Artigo 16.- A poder expresar libremente por escrito calquera reclamación ou suxestión e ser contestado nun prazo máximo dun mes.

##### Deberes

Tódolos usuarios das instalacións deportivas municipais deberán aterse ás seguintes obrigas:

Artigo 17.- Deberán te-los recibos ou a tarxeta de abonado ó corrente de pagamento e conservalo durante o seu tempo de validez. Os recibos ou tarxeta de abonado serán de utilización exclusiva da persoa ou entidade para a que foron emitidos, e deberán gardalos no caso de reclamación posterior. Estando obrigados a presentalos en todo momento o persoal do SMD, cando así o requiran.

Artigo 18.- Nas instalacións co sistema de control de acceso con torno electromecánico será obrigatorio o uso das tarxetas correspondentes.

Artigo 19.- Para a correcta utilización das distintas instalacións e espazos deportivos será obrigatorio o uso da indumentaria e calzado deportivo axeitado.

Artigo 20.- Non esta permitido fumar nas instalacións deportivas e non se poderá acceder con botes recipientes de vidro ós espazos deportivos. Os danos ocasionados polo mal uso das instalacións deportivas serán responsabilidade do causante.

Artigo 21.- Deberán axustarse ós horarios e as características concertadas no concepto de alugueiro ou reserva da instalación.

Artigo 22.- En todo momento recoméndase:

- Seguir as indicacións do persoal responsable da instalación e dos técnicos.
- Facer uso de cada instalación para o que está destinada.
- Non introducir obxectos ou elementos que poidan causar lesións, deteriora-los equipamentos ou perturba-la tranquilidade dos usuarios.
- Non ter comportamentos que impliquen perigosidade para a integridade física dos demais usuarios.

- Respecta-lo material deportivo, instalacións e demais dependencias municipais, axudando a mantelas limpas e en bo estado.

- Calquera dano observado nos materiais das instalacións deberá ser comunicado ó persoal desta ou, no seu defecto, nas oficinas do SMD.

#### Reclamacións

Artigo 23.- Tódolos usuarios teñen dereito a face-las reclamacións ou suxestións que estimen oportunas, ben de xeito verbal na oficinas do SMD ou por escrito a través do Rexistro no concello.

O Concello de Ribadavia comprométese a responde-las reclamacións debidamente presentadas por rexistro nun prazo máximo dun mes.

#### Capítulo III. Utilización e acceso ás instalacións deportivas Pavillóns polideportivos

Artigo 24.- Con carácter xeral os usuarios destas instalacións deberán aterse ás seguintes normas de utilización:

- Será obrigatorio o acceso ós distintos espazos deportivos con calzado e roupa deportiva.

- Non se permite a práctica deportiva sen camiseta.

- Non se permite dentro das instalacións fumar, comer e introducir obxectos de vidro.

- Non se permite o uso das bancadas e corredores como zoas de queceamento.

- Os comportamentos vandálicos e/ou o incumprimento da normativa dará lugar á correspondente sanción, que poderá ser individual ou o colectivo responsable.

Artigo 25.- Os usuarios da sala de musculación do Polideportivo O Consello deberán aterse ás seguintes normas de utilización:

- Os usuarios poderán facer uso desta sala de xeito libre ou asesorados polos técnicos responsables desta.

- Calquera dúbida na utilización das máquinas deberán consultalas os técnicos ou persoal de vixilancia da instalación.

- É obrigatorio o uso de toalla por razóns de hixiene.

- Os pesos libres despois da súa utilización deberán devolverse ó seu lugar de orixe.

- Está prohibido despraza-las máquinas e calquera equipamento da sala sen o consentimento dos técnicos responsables.

- Queda prohibido o acceso a menores de 16 anos.

- Esta sala poderá ser reservada por grupos, pero en ningún caso de xeito exclusivo sempre terán preferencia de uso os abonados.

Artigo 26.- Nas salas de fitness e spinning os usuarios deberán aterse ás seguintes normas de utilización:

- Estas salas poderanse utilizar de xeito libre polos abonados, sempre que non estean ocupadas por grupos/entidades que teñan formalizada a reserva destas.

- As actividades dirixidas estarán baixo a tutela do técnico/monitor, que será o responsable do cumprimento dos horarios, custodia e traslado do material empregado no desenvolvemento da clase.

- Todo o material empregado deberá devolverse ó seu lugar de orixe.

- Non poderán acceder a estas salas os menores de 16 anos, soamente cando o fagan en grupos dirixidos por un técnico.

Artigo 26.- Os usuarios da sauna deberán aterse as seguintes normas de utilización:

- A utilización da sauna queda restrinxido ós horarios establecidos por cada tempada.

- Deberá reservarse con antelación.

- Os interesados na súa utilización fóra dos horarios establecidos deberán face-la reserva como mínimo con 4 horas de antelación.

- É obrigatorio ducharse antes e despois de cada sesión.

- É obrigatorio o uso de toalla por razóns de hixiene.

- Está prohibida a súa utilización a mulleres embarazadas, menores de 16 anos e persoas que padezan enfermidades cardíacas ou contaxiosas.

- Despois de cada sesión recoméndase unha ducha fría e repousar uns minutos.

Artigo 27.- Aula/sala de xuntas. Esta dependencia poderá ser utilizada polos usuarios/clubs, etc., sempre para fins relacionados co deporte en xeral, deben previamente reservala nas oficinas do SMD.

#### Piscina Municipal "A Veronza"

Artigo 28.- Esta instalación poderá ser utilizada en período estival, nos horarios e datas que se establecen de apertura ó público de acordo coa normativa.

#### Artigo 29.- Queda prohibido:

- A presenza de transistores, radiocassetes, etc., cun volume que altere ou moleste ós demais usuarios.

- A reserva, acoutación ou delimitación das zonas de estancia.

- O uso de parasoles, hamacas, cadeiras, etc., nas zonas de pés descalzos.

- A práctica de actividades que poidan supoñer molestias para os demais usuarios.

- A presenza de bolsas e demais elementos nas zonas de praia.

- Enxaboarse nas duchas de acceso ós vasos.

Artigo 30.- Por razóns de hixiene os usuarios deberán respecta-las normas sanitarias, que para tal efecto se atopan expostas nos taboleiros informativos.

Artigo 31.- Así mesmo, do recollido neste regulamento débese acata-lo recollido no Regulamento sanitario de piscinas de uso colectivo.

#### Complexo Deportivo "O Xestal"

Artigo 31.- Con carácter xeral, os usuarios desta instalación deberán aterse ás seguintes normas de utilización:

- Será obrigatorio o acceso ós distintos espazos deportivos con calzado e roupa deportiva.

- Non se permite a práctica deportiva sen camiseta.

- Non se permite dentro das instalacións fumar, comer e introducir obxectos de vidro.

- Os comportamentos vandálicos e/ou o incumprimento da normativa dará lugar á correspondente sanción, que poderá ser individual ou o colectivo responsable.

#### Campo de fútbol de herba natural

Artigo 32.- Quedará regulado por convenio, antes do inicio de cada tempada, a entidade ou entidades que terán dereito á utilización desta instalación, así como ás condicións de uso desta.

#### Campo de fútbol de herba sintética

Artigo 33.- Este espazo deportivo poderá reservarse na súa totalidade (fútbol-11), ou dividido en dúas metades (fútbol-7).

Artigo 34.- A súa utilización quedará sometida á solicitude de uso segundo se establece neste regulamento, para entidades/clubs que desexen dispoñer desta durante toda a tempada deportiva.

Artigo 35.- Así mesmo, poderá ser utilizada de xeito puntual por grupos/entidades ou particulares, formalizando a reserva tal como se establece neste regulamento, acoñéndose ás distintas modalidades de alugueiro establecidas na ordenanza n.º 24.

Artigo 36.- Está prohibido o uso de zapatillas de taco metálico, soamente se permitirá o uso de zapatillas específicas, multitaco ou botas de tacos de goma.



Artigo 37.- Dentro do recinto está prohibido o consumo de pipas, cacahuets e demais alimentos que produzan desperdicios que poidan contamina-lo terreo de xogo.

Pistas de tenis

Artigo 38.- A súa utilización quedará sometida a solicitude de uso segundo se establece neste regulamento, para entidades/clubs que desexen dispoñer desta durante toda a tempada deportiva.

Artigo 39.- Así mesmo, poderá ser utilizada de xeito puntual por grupos/entidades ou particulares, formalizando a reserva tal como se establece neste regulamento, acolléndose ás distintas modalidades de alugueiro establecidas na Ordenanza n.º 24.

Capítulo V.- Normas de solicitude, concesión e uso

Artigo 40.- Os clubs/entidades deportivas interesados en reservar durante a tempada deportiva o uso dunha instalación para os seus adestramentos poderá solicitalo conforme á normativa vixente.

Artigo 41.- Abrirase un prazo de solicitude para o uso de instalacións deportivas municipais durante a tempada dende o 1 de xuño ata o 30 do mesmo mes.

O modelo de solicitude será o establecido polo SMD, poderá recollerse nas oficinas deste servizo ou na páxina web/www.ribadavia.es/, debendo entregalo no Rexistro do Concello de Ribadavia.

Artigo 42.- As reservas para a tempada serán de luns a venres, dende o 1 de setembro ata o 30 de maio, salvo que no convenio coa entidade se estipulen outras datas.

Artigo 43.- A concesión de uso quedará supeditada a que o solicitante estea ó corrente no pagamento polo concepto de utilización de calquera instalación deportiva municipal.

Artigo 43.- En tódalas instalacións de uso compartido por distintas entidades farase un horario provisional ata o 1 de outubro, que pode ser susceptible de sufrir modificacións, dando lugar ó definitivo a partir desta data ata a finalización da tempada.

Artigo 44.- A reserva de horarios para competicións en fins de semana e festivos farase entre luns e martes de cada semana nas oficinas do SMD ou ben de xeito telemático, debendo a entidade aboa-la taxa correspondente de alugueiro antes do xoves para que a reserva sexa firme, salvo que estea establecido outro tipo de acordo coa entidade.

Artigo 45.- A concesión dunha franxa horaria durante unha tempada, en calquera instalación, non implicará que esa mesma hora sexa concedida ó ano seguinte automaticamente, as concesións serán únicas e exclusivamente para a tempada concedida.

Artigo 46.- Os criterios para a concesión de instalacións deportivas municipais a entidades deportivas, tanto para adestramentos como para competicións, serán os seguintes:

• Atendendo ó tipo de práctica deportiva terán prioridade por esta orde:

1. As actividades promovidas polo SMD.
2. As actividades federadas.
3. As prácticas deportivo-recreativas.

• Atendendo ós horarios de solicitude:

De luns a venres:

1. Entre as 16.00 horas e as 20.00 horas.- Escolas e categorías base.
2. Entre as 20.00 horas e as 23.00 horas.- Categorias júnior e sénior.

Fins de semana e festivos:

1. En horario de mañá.- As categorías base.
2. En horario de tarde.- Categorias júnior e sénior.

• Atendendo á orixe das entidades:

1. Os clubs e entidades con domicilio social no Concello de Ribadavia, dados de alta no Rexistro de Asociacións do concello.

2. As entidades de fóra do Concello de Ribadavia.

• Para os clubs federados:

1. Os de máxima categoría, contando as categorías federativas de superior a inferior.

• Antigiüidade:

2. Os que leven máis tempo, de xeito continuado, utilizando a instalación que solicitan.

Artigo 47.- A concesión de instalacións deportivas municipais para actos ou eventos de carácter non deportivo, quedará supeditada ás seguintes condicións:

• O interesado deberá presentar, cunha antelación mínima de 15 días, unha solicitude escrita, dirixida ó SMD onde figure nome, enderezo, CIF, representante legal, teléfono, e-mail e unha breve explicación da actividade a levar a cabo.

• O Concello de Ribadavia reservase a facultade de non conceder-la instalación solicitada, no caso de serlle concedida ó beneficiario deberá:

1. Manter unha xuntanza técnica co SMD para valora-las necesidades da concesión.

2. Entrega-lo xustificante de pagamento da taxa establecida na Ordenanza n.º 24, e se fose o caso da fianza que se aplicase.

3. Presenta-la póliza de RC que cubra o evento, salvo que o evento entre dentro da cobertura da póliza de RC que o Concello de Ribadavia ten contratado para tódalas instalacións deportivas municipais.

4. Será responsabilidade do organizador, e pola súa conta, a obtención de cantas licenzas e permisos se precisen para realiza-lo acto, así como a realización de tódalas tarefas de montaxe e desmontaxe que requira a actividade.

Capítulo IV.- Réxime disciplinario

Artigo 48.- Todas aquelas persoas que utilicen as instalacións deportivas municipais de xeito negligente, así como o non cumprimento dos deberes recollidos neste regulamento poderán ser sancionados pola Alcaldía ou polo concelleiro de deportes.

Artigo 49.- O establecemento das sancións, tralo informe do director do SMD, poderán recaer sobre particulares ou sobre colectivo, entidade/club.

Artigo 50.- Establécese o seguinte réxime sancionador:

• Se a falta se considera leve:

1.- Apercibimento por escrito.

2.- Multa ata 150 €.

• Se a falta se considera grave:

1. Prohibición de acceso á instalación ou servizo por tempo determinado.

2. Multa de ata 300 €.

• Se a falta se considera moi grave:

1. Prohibición de acceso á instalación ou servizo por tempo indefinido.

2. Multa de ata 600 €.

Artigo 51.- En función da gravidade da infracción poderanse emprende-las accións xurídicas que correspondan, polo que este regulamento non exime doutros procedementos que se establezan na lexislación vixente.

Ribadavia, 28 de agosto de 2012. O alcalde.

Asdo.: Marcos Blanco Jorge.

Anuncio

*El Ayuntamiento de Ribadavia publica, cumpliendo con lo que dispone el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril,*



Reguladora de las Bases de Régimen Local, el texto íntegro de las siguientes ordenanzas:

- Ordenanza núm. 11, de la Tasa por el Suministro de Agua.
- Ordenanza Reguladora del Precio Público por Publicidad en Instalaciones del Servicio Municipal de Deportes.
- Reglamento de Honras y Distinciones.
- Reglamento de Servicio Municipal de Deportes.

Dichas ordenanzas fueron aprobadas inicialmente por el Pleno de la Corporación en sesión de 28 de junio de 2012 y se expusieron al público mediante anuncio en el tablón de edictos de la Corporación y en el Boletín Oficial de la Provincia n.º 164, de 18 de julio de 2012. Al no presentarse alegación alguna, quedan aprobadas definitivamente. El texto completo es el que sigue:

Ordenanza fiscal n.º 11: Ordenanza Fiscal de la Tasa por el Suministro de Agua.

Artículo 1.-

Al amparo de lo previsto en los artículos 58 y 20.4.t. de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales, de conformidad con lo que disponen los artículos 15 al 19 de este texto legal, este ayuntamiento establece la tasa por el suministro de agua, que se regirá por la presente ordenanza.

Artículo 2.-

1. Constituye el hecho imponible de la tasa regulada en esta ordenanza el abastecimiento domiciliario de agua potable como servicio municipal, explotándose por cuenta y en beneficio de este ayuntamiento.

2. No constituirá hecho imponible el abastecimiento particular de agua que viene realizándose a través de manantiales u otros aprovechamientos de aguas potables, salvo que acuerde este ayuntamiento la municipalización de estos.

Artículo 3.-

Son sujetos pasivos de esta tasa los que se beneficien de los servicios o actividades prestados o realizados por este ayuntamiento, a que se refieren los artículos anteriores y reúnan los requisitos que se señalan en la presente ordenanza.

Artículo 4.-

1. La cuantía de la tasa regulada en esta ordenanza será la fijada en las tarifas contenidas en el apartado siguiente.

2. En la presente tasa regirán las siguientes cantidades y por los conceptos que se indican:

a) Por derechos de acometida o enganche a la red: 42,07 euros.

b) Por el consumo de hasta 15 m<sup>3</sup> cada mes, sea cual sea éste: domésticos, 4,4123 euros; industriales, 7,5644 euros.

Para todo consumo que exceda del mínimo establecido de 15 m<sup>3</sup> cada mes, se aplicarán las siguientes tarifas:

De más de 15 m<sup>3</sup> hasta 25 m<sup>3</sup>: 0,4344 euros cada m<sup>3</sup> para abonados domésticos y 0,6290 euros cada m<sup>3</sup> para abonados industriales.

De más de 25 m<sup>3</sup> hasta 35 m<sup>3</sup>: 0,6290 euros para abonados domésticos y 1,1383 euros cada m<sup>3</sup> para abonados industriales.

De más de 35 m<sup>3</sup> hasta 50 m<sup>3</sup>: 1,1383 euros cada m<sup>3</sup> para abonados domésticos y 1,3929 euros cada m<sup>3</sup> para abonados industriales.

De más de 50 m<sup>3</sup> a 1,5725 euros cada m<sup>3</sup>, sea el abonado doméstico o industrial.

Los consumos de agua en obras que así sean autorizados por el ayuntamiento.

Los primeros 40 m<sup>3</sup>, a razón de 0,3780 euros cada m<sup>3</sup>.

De 40 m<sup>3</sup> en adelante, a 0,63 euros cada m<sup>3</sup>.

c) Tarifa de depuración, 0,8685 euros por recibo en mínimo doméstico; 1,3973 euros por recibo mínimo industrial.

Para todo consumo que exceda del mínimo establecido de 15 m<sup>3</sup> cada mes, se aplicarán las siguientes tarifas:

De más de 15 m<sup>3</sup> hasta 25 m<sup>3</sup>: 0,0803 euros cada m<sup>3</sup> para abonados domésticos y 0,1163 euros cada m<sup>3</sup> para abonados industriales.

De más de 25 m<sup>3</sup> hasta 35 m<sup>3</sup>: 0,1163 euros para abonados domésticos y 0,2104 euros cada m<sup>3</sup> para abonados industriales.

De más de 35 m<sup>3</sup> hasta 50 m<sup>3</sup>: 0,2104 euros cada m<sup>3</sup> para abonados domésticos y 0,2574 euros cada m<sup>3</sup> para abonados industriales.

De más de 50 m<sup>3</sup> a 0,2906 euros cada m<sup>3</sup>, sea el abonado doméstico o industrial.

Artículo 5.-

1. La obligación de pago de la tasa regulada en esta ordenanza nace desde que se comienza la prestación del servicio, con periodicidad trimestral.

2. A efectos de su cobro, por parte del ayuntamiento se formará un padrón en el que figurarán los contribuyentes del mismo, del cual se dará publicidad, a efectos de reclamaciones, en el BOP.

3. El pago de dicha tasa se efectuará en el momento de la presentación, al obligado a realizarlo, del correspondiente documento cobratorio, para lo cual, por los servicios de este ayuntamiento se efectuará previamente la correspondiente lectura de contadores, sin la cual no se girará dicho documento.

4. Las cuotas liquidadas y no satisfechas en periodo voluntario y su prórroga se harán efectivas por la vía de apremio, con arreglo a las normas del reglamento general y a la recaudación.

Artículo 6.- Se considerarán partidas fallidas o créditos incobrables aquellas cuotas que no se pudiesen hacer efectivas por el procedimiento de apremio, para cuya declaración se formalizará el oportuno expediente de acuerdo con lo previsto en el Reglamento General de Recaudación.

Artículo 7.

1. En todo lo relativo a la calificación de infracciones tributarias, así como de las sanciones que a éstas correspondan en cada caso, se estará a lo dispuesto en los artículos 77 y siguientes de la Ley General Tributaria.

2. Las infracciones a esta ordenanza que no constituyan defraudación las resolverá la Alcaldía en la forma y cuantía previstas en las disposiciones legales vigentes.

Artículo 8.

Toda autorización para disfrutar del servicio de suministro de agua llevará consigo la obligación de instalar contador, teniendo que ser individual para cada vivienda, y colocarse en sitio visible y de fácil acceso, para que permita la clara lectura del consumo de éste. El contador podrá ser facilitado y homologado por el ayuntamiento. Si lo facilitase el ayuntamiento, el abonado satisfará su precio de coste a éste.

Artículo 9.

El suministro de agua a domicilio confiere al usuario del servicio la facultad de consumir agua para usos domésticos o industriales, entendiéndose por usos domésticos todas las aplicaciones para atender a las necesidades de la vida e higiene personal, como la debida preparación de alimentos, limpieza personal y doméstica y lavado de ropa. Por uso industrial se entiende el suministro de agua a cualquier local que no tenga la consideración de vivienda, incluyéndose en este concepto aquellas actividades instaladas o anexas a la vivienda, como establos, bodegas, tiendas o bares.

Artículo 10.

La utilización del suministro de agua se hará tomando el abonado la que necesite, determinándose el volumen consumido mediante un aparato contador.



#### Artículo 11.

Quedan prohibidas las utilizaciones de agua de la red general del abastecimiento para riego de jardines, fincas o lavado de automóviles con manguera de presión. No obstante, durante las épocas de abundancia de agua, la Alcaldía podrá autorizar tales usos mediante bandos generales, siempre que quede garantizado el abastecimiento domiciliario e industrial.

#### Artículo 12.

1. El ayuntamiento en ningún caso garantiza la cantidad del suministro, que siempre tendrá el carácter de precario para los usuarios, así como tampoco responde ni se responsabiliza de los posibles daños, perjuicios o deterioros que pudiera causar en los bienes de estos la falta o insuficiencia de caudal de agua.

2. El ayuntamiento, por resolución de la Alcaldía, podrá ordenar el corte del suministro de agua a cualquier usuario que utilice el agua para los usos prohibidos a que se refiere el artículo anterior. La rehabilitación del servicio llevará consigo el pago de nuevos derechos de acometida.

3. La Alcaldía podrá ordenar el corte del suministro por impago del usuario de dos recibos. La rehabilitación se hará después del pago de lo adeudado, con nuevos derechos de acometida.

#### Artículo 13.

1. El ayuntamiento, por medio de sus empleados y agentes, tiene el derecho de inspección y vigilancia de las conducciones, instalaciones y aparatos, tanto en vías públicas o privadas como en fincas particulares. Ningún abonado podrá oponerse a la entrada de sus propiedades para la inspección del servicio, que tendrá que llevarse a cabo en horas de luz solar, salvo casos graves o urgentes, a juicio de la Alcaldía.

2. La facultad conferida en el punto anterior se entiende limitado a las tomas de agua de la red general y, a la posible existencia de injertos o derivaciones no controladas, como usos distintos de los anteriores, así como de las defraudaciones en general.

3. En caso de oponerse el usuario a lo establecido en los puntos anteriores, se procederá al corte del suministro y para restablecerlo tendrá que autorizarse la inspección, debiendo de abonar nuevos derechos de acometida.

#### Artículo 14.

1. En caso de que se defraudara por cualquier tipo de manipulación la lectura del contador correspondiente, o bien se encuentren derivaciones en sus redes con utilización de suministro sin ningún convenio, es decir, realizadas clandestinamente, o en el supuesto de impedir la entrada de personal del servicio al lugar en donde se encuentran las instalaciones, cuando exista un indicio razonable de posible defraudación, este concesionario podrá efectuar el corte inmediato del suministro.

En cualquiera de los casos, el concesionario aplicará la correspondiente liquidación por fraude o responsable, que incluirá un consumo equivalente a la capacidad nominal del contador, que reglamentariamente se corresponde a las instalaciones utilizadas para la acción fraudulenta, con tiempo de tres horas diarias de utilizaciones y durante un plazo que medie entre la adquisición de la titularidad o derechos de uso de las instalaciones citadas, y el momento en el que se corrija la existencia del fraude detectado, sin que se pueda extender, en total, a más de un año.

2. Tanto en los casos establecidos en el punto anterior del presente artículo, como en todos los actos que sean sancionables por la Administración municipal, esta sanción irá siempre acompañada de nueva solicitud de suministro y de abono por parte del infractor de nuevos derechos de acometida.

#### Artículo 15.-

La presente tasa se actualizará anualmente de acuerdo con el índice de precios al consumo (IPC) interanual, el cual deberá ser notificado a los usuarios del servicio en el primer trimestre del año en curso.

#### Disposición final

La presente ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente por el Pleno de la Corporación en sesión celebrada el 28 de junio de 2012 y que quedó definitivamente aprobada, regirá a partir de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y, se mantendrá vigente hasta su modificación o derogación expresa".

Precio público por la ocupación con soportes publicitarios en espacios de dominio público en las instalaciones deportivas dependientes del Servicio Municipal de Deportes de Ribadavia.

#### Artículo 1.- Fundamento y naturaleza

De conformidad con lo previsto en el artículo 127, en relación con el 41, ambos del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se establece el precio público por la ocupación con soportes publicitarios en espacios de dominio público en las instalaciones deportivas dependientes del Servicio Municipal de Deportes de Ribadavia.

#### Artículo 2.- Concepto y objeto

El precio público regulado en esta ordenanza constituye una prestación patrimonial de carácter público que satisfarán los particulares o empresas. Los emplazamientos de los soportes publicitarios serán los siguientes:

Polideportivo Municipal "O Consello", Pabellón Municipal "Maquiáns", Complejo "O Xestal"- campo de fútbol de hierba sintética.

Los espacios susceptibles para la explotación de la publicidad se deberán ajustar a lo recogido en el anexo 1.

#### Artículo 3.- Condiciones de las autorizaciones y de los elementos publicitarios

Las autorizaciones que se efectúen tendrán que ajustarse a las siguientes prescripciones:

3.1.- El plazo de vigencia se extiende dos (1) año desde el 1 de septiembre hasta el 30 de agosto, pudiéndose prorrogar por otro más previa solicitud y resolución al del Servicio Municipal de Deportes.

3.2.- Los elementos publicitarios tendrán carácter desmontable de conformidad con el artículo 86 de la Ley 33/2003, de 3 de noviembre, en ningún caso podrán ser soldados o fijados con elementos fijos a la estructura de las instalaciones. Correrán a costa del adjudicatario las obras de acomodación de las estructuras de soporte de ser necesarias, en este supuesto tendrán que ser previamente informadas por los servicios técnicos municipales.

3.3.- Todos los gastos de instalación y desinstalación, conservación y mantenimiento, impuestos, tasas y demás tributos deberán ser asumidos íntegramente por los adjudicatarios.

3.4.- El uso publicitario deberá garantizar la integridad y funcionalidad de las estructuras de soporte, que serán devueltas en perfecto estado al remate de la autorización. Asimismo, los mensajes publicitarios se orientarán exclusivamente hacia el interior de las instalaciones y no se podrán publicitar productos y actividades expresamente prohibidos por la normativa de aplicación, en especial las referentes a instalaciones deportivas, de espectáculos y violencia de género.

3.5.- Los adjudicatarios estarán obligados a la conservación de éstas, o cumplimiento de las normas sobre este tipo de instalaciones y además se podrá obligar a suscribir una póliza de seguros de responsabilidad civil y accidentes que cubra los

daños personales y materiales que puedan derivarse de su colocación, mantenimiento y conservación, de los que, en todo caso, serán responsables.

3.6.- Tanto los soportes, mecanismo, como los anuncios publicitarios se mantendrán en perfecto estado de conservación, sin que en ningún caso por roturas, averías, desgajamientos, roturas o suciedad, se dañe la estética de las diversas instalaciones. En caso de incumplimiento de las obligaciones de conservación podrá hacerlo la Administración municipal, tras el requerimiento a la entidad propietaria de la cartelera para ejecución en el plazo que se determine.

3.7.- Las autorizaciones podrán ser revocadas unilateralmente por el ayuntamiento previa propuesta del Servicio Municipal de Deportes en cualquier momento por razones de interés público, sin generar derecho a indemnización, cuando resulten incompatibles con las condiciones generales aprobadas posteriormente, produzcan daños en el dominio público, impidan su utilización para actividades de mayor interés público o menos caben su uso general.

3.8.- El Servicio Municipal de Deportes se reservará las prerrogativas de inspección y vigilancia de los términos de la autorización, ostentando la capacidad para requerir cualquier medida correctora que se considere necesaria.

#### Artículo 4.- Obligados al pago

Están obligados al pago del precio público regulado en esta ordenanza:

Las personas físicas y jurídicas que soliciten la colocación de soportes publicitarios en espacios de dominio público en las instalaciones deportivas dependientes del Servicio Municipal de Deportes de Ribadavia.

#### Artículo 5.- Cuantía

El importe que se debe pagar al ayuntamiento por la colocación de los soportes publicitarios será el siguiente:

Anual Polideportivo Municipal "O Consello" y Pabellón "Maquiáns": 40€/soporte.

Anual campo de fútbol de hierba sintética "O Xestal": 50 €/soporte.

El pago de estas cantidades se realizará una vez formalizado contrato. La instalación de dicha publicidad no se podrá llevar a cabo sin abonar su correspondiente precio público.

